



XENE BRO

# AS XIMNOSPERMAS DA GALIZA

Henrique Niño Ricoi

Dentro dos espermatófitos, que son as plantas con flores e sementes, tamén chamadas fanerógamas (división Spermatophyta), están incluídas as ximnospermas (subdivisión Gymnospermae), grupo de plantas caracterizadas principalmente por:

- \* Seren plantas leñosas, de aspecto diverso, a miúdo resinosas.
- \* Teren flores dun só sexo (unisexuais) dispostas en grupos, chamados conos, masculinos ou femininos. Realmente non son flores no sentido máis coñecido da palabra, senón simplemente escamas que portan os estames ou os rudimentos seminais ao descuberto.
- \* Seren polinizadas por médio do vento (anemófilas).
- \* Teren as sementes ao descuberto (nuas), en contraposición coas anxiospermas (subdivisión Angiospermae) que teñen as sementes encerradas nos froitos.

Na Galiza, no que se refer a plantas espontáneas ou naturalizadas, non hai representadas máis que tres familias das comprendidas neste grupo, que son:

— PINACEAE, árbores, máis raramente arbustos, monóicos, resinosos, con conós provistos de escamas dispostas en espiral e fructificación con numerosas sementes leñosa (piñas ou estróbilos), familia con 21 xéneros e 255 especies, que na Galiza non está representada mais que por un só xénero (*Pinus*) con cinco especies.

— CUPRESSACEAE, árbores ou arbustos dióicos ou monóicos, resinosos, con conos provistos de escamas opostas ou verticiladas e fructificación carnosa (gábulos) ou leñosa (estróbilos), familia con 21 xéneros e 130 especies na Galiza só representada polo xénero (*Juniperus*) cunha soa especie.

— TAXACEAE, árbores ou arbustos dióicos non resinosos, con sementes solitárias rodeadas por unha envolta carnosa, integrada por 6 xéneros con 20 especies das que na Galiza non hai mais que un xénero (*Taxus*) cunha única especie.

Estas tres familias están, por outra parte, amplamente representadas por numerosas especies ornamentais en parques e xardíns.

***Juniperus communis* L.** subsp. *alpina* (Suter) Celak  
(*Juniperus communis* subsp. *nana* Syme; *Juniperus nana* Willd.)

(*Juniperus*: nome latino do xenebro, probabelmente derivado do celta *jeneprus*: rudo, áspero referido ao punzante das follas. *Alpina*: en alusión a que non se atopa por baixo dos 1.000 m de altitude. *Nana*: polo seu pequeno tamaño)

Para distinguirmos unhas doutras, as especies presentes na Galiza, pode-se recorrer a esta sinxela chave:

\* Follas illadas, de menos de 3 cm de longo.

— Follas en verticilos de 3,  
cunha liña branca na  
cara superior de cada folla .....JUNIPERUS COMMUNIS

— Follas arredor da rama,  
en aparencia  
agrupadas por pares .....TAXUS BACCATA

\* Follas en grupos de 2 ou 3, de máis de 3 cm de longo.

— Follas en grupos de 3, piñas  
moi asimétricas .....PINUS RADIATA

— Follas en grupos de 2, piñas  
non moi asimétricas, a árbore  
de copa aparasolada, sementes  
grandes (máis de 1 cm). .....PINUS PINEA

a árbore de copa piramidal ou irregular con sementes  
menores de 1 cm.

\* Follas de máis de 15 cm, rixidas ...PINUS PINASTER

\* Follas entre 8 e 16 cm, flexíbeis ....PINUS NIGRA

\* Follas entre 3 e 8 cm, rixidas .....PINUS SYLVESTRIS

**Cimbro, xenebro.**

Arbusto postrado ou con ramas ascendentes, que normalmente non pasa de 1,50 m de altura.

Follas aciculares, algo curvadas cara adentro nas beiras, máis ou menos achegadas ao ramo, case cubrindo-se entre si, de 1,0 a 1,5 cm de longo, pontiagudas no ápice, cunha franxa moi ancha de cor branca na face e dispostas en verticilos de 3.

Flores masculinas e femininas en pés distintos.

Gálbulos (frutificación con aspecto de baga) dispostos nas axilas das ramas, ovoídes ou globosos, de 0,6 a 1 cm de diámetro e cor azul negruzca, pruinosos

Florece a finais da Primavera.

Atopa-se nos solos ácidos, por cima dos 1.000 m. Na Galiza, nas mais grandes alturas: Ancares, Courel, Xurés, etc.



Teixo.

***Taxus baccata* L.**

(*Taxus*: nome latino do teixo, posibelmente derivado do grego *taxis*: ordenación en filas, pola disposición das follas, ou de *taxikos*: veneno polo seu contido en alcaloides. *Baccata*: baga, pola aparencia da súa frutificación).

**Teixo.**

Arbusto ou pequena árbore que normalmente non pasa de 10 m, aínda que pode chegar aos 15 m, de tronco curto e grosso, con cortiza pardo-grisácea que, cando vella, se desprende en láminas alongadas ou placas irregulares.

Ramas estendidas, moi abertas, con ramiñas colgantes, formando unha copa cónica, moi ancha e densa.

Follas lineares, aplastadas, persistentes, de 2 a 4 cm de longura, semellando estar dispostas en dúas fileiras, cor verde escura na face e verde pálida no revés, terminadas en punta, de consistencia coriácea.

Flores masculinas nas axilas das follas, en grupos revirados cara ao solo, as femininas (en pés distintos) solitárias no extremo dun pequeno eixo.

Sementes ovaladas, rodeadas dun disco carnoso (arilo), primeiro verde, despois vermello, semellante a unha baga.

Florece a finais do Inverno ou comezos da Primavera e madura no Outono.

Espécie en franca regresión da que non queda máis que un bosque en Casaio e outros pequenos enclaves no Courel, Trevinca, O Xurés, etc.



Piñeiro de Monterrei

***Pinus radiata* D. Don** (*Pinus insignis* Douglas)

(*Radiata*: con raios ou raios, posibelmente referido a radiante, polo elegante do seu porte).

**Piñeiro de Monterrei, piñeiro insigne.**

Arbore de até 30 m., que pode chegar incluso aos 40 m.

Tronco recto, de cortiza parda-avermellada, grosa e agretada que, cando vello, se torna pardo-escura.

Copa globosa ou truncada.

Follas en fascículos de 3, flexíbeis, cor verde brillante, de 7 a 15 cm.

Flores masculinas moi apretadas; as femininas en conos púrpura-violeta.


Piñas agrupadas por pares, moi asimétricas, de 7 a 14 cm. Sementes de 5-8 mm, con asa estreita, de 15-20 mm.

Amplamente cultivada e ocasionalmente naturalizada.

Na provincia da Coruña pode-se atopar naturalizado o piñeiro negro (*Pinus nigra* Arnold subsp. *salzmanii* (Dunal) Franco), que se caracteriza por ter a cortiza cincoplateada nos exemplares novos, as follas en grupos de 2, cor verde clara, flexíbeis e non pinchudas, as piñas pequenas, de 4 a 6 cm, ovoide-cónicas e as sementes de 3-8 mm, con asa de 20 mm.



Piñeiro Negro



Piñeiro manso.

***Pinus pinea* L.**

(Pinea: piña, piñón, en alusión a que estes son comestíbeis).

**Piñeiro manso, piñeiro real.**

Arbore, que pode chegar aos 30 m, de tronco recto e cilíndrico, con cortiza primeiro escamosa, despois grosa e agretada, formando grandes placas.

Copa tipicamente aparasolada e densa.

Follas algo ríxidas, pontiagudas, agrupadas de 2 en 2, cor verde clara e de 10 a 20 cm de longura.

Flores masculinas agrupadas en espigas alongadas; as femininas en conos de 2 cm, normalmente solitarios ou en pequenos grupos.

Piña globosa, erecta, de 8 a 15 cm. Semente grande, de 1,5 a 2 cm, con asa rudimentaria, comestíbel.

É arbore amante de solos areosos e climas temperados. Na Galiza presenta-se aillada ou formando pequenos grupos case sempre nas proximidades das poboacións.

***Pinus pinaster* Aiton**

(Pinus: nome latino do piñeiro, posibelmente procedente do celta pin: montaña, rocha, por vivir algunhas especies entre penas. Pinaster: nome latino do piñeiro silvestre).

**Piñeiro do país, piñeiro galego.**

Arbore de até 20 m, que excepcionalmente pode chegar aos 35 ou 40 m. Tronco dereito, algo flexuoso, con cortiza grosa, escura e agretada.

Copa arredondada e pouco densa.


Follas ríxidas, pinchudas na punta, cor verde intensa de 15 a 25 cm de longo, agrupadas en fascículos de 2.

Flores masculinas en grupos de 6-7 cm; as femininas en conos agrupados por 2 ou 3.

Piñas (estróbilos) cónico-alongadas, de até 20 cm.

Sementes (piñóns) de 7-8 mm, cunha asa ancha de até 30 mm.

Na Galiza ocupa unha ancha franxa ao longo de toda a costa: norte da provincia de Lugo e case toda a provincia da Coruña e a de Pontevedra.



Piñeiro do país.

***Pinus sylvestris* L.**

(Sylva: bosque, selva)

**Piñeiro bravo, piñeiro rúbio.**

Arbore que pode chegar aos 30 ou 40 m. de altura, de tronco grosa, dereito e cilíndrico. Cortiza primeiro delgada e gris verdosa, logo asalmonada no seu tercio superior, desprendéndose en láminas transparentes e membranosas.


Copa variable, xeralmente irregular.

Follas pequenas, ríxidas, de 3 a 8 cm., glaucas ou verde grisáceo, en fascículos de 2.

Flores masculinas agrupadas en masas globosas de 2-3 cm., as femininas en conos solitarios ou por pares, de 0,5 cm.

Piñas pequenas de 3 a 6 cm., ovoide-cónicas. Sementes de 3-5 mm. con á de 12-17 mm.

Esta especie amplamente distribuída por Europa en calquera tipo de solo, é propia de zonas altas pero pode invadir zonas mais baixas. Na Galiza forma bosquetes en zonas de boa altitude, consecuencia de repoboacións. ■



Piñeiro bravo.

## PEQUENO GLOSARIO BOTANICO

**Acicular:** Di-se das follas longas, delgadas e pontiagudas.

**Aparasolada:** De aspecto semellante a un parasol.

**Ascendente:** Di-se do caule que se tumba ao principio, para máis tarde levantar-se sobre a base tumbada.

**Baga:** Froito carnoso e xugoso, xeralmente arredondado e de cores chamativas.

**Coriáceo:** De consistencia e aspecto do coiro.

**Cutícula:** Película máis externa da epiderme dos órganos vexetais.

**Dióico:** Con flores masculinas e femininas en pés diferentes.

**Erecto:** De posición vertical ou próximo a ela.

**Estróbilo:** Frutificación leñosa dos piñeiros e doutras coníferas (piña).

**Fascículo:** Feixe pequeno.

**Gábulo:** Formación frutífera dalgúns coníferas arredondada, carnosa que non se abre e que contén unhas poucas sementes no interior.

**Glaucos:** Verde-mar, de cor verde clara con matiz lixeiramente azulado.

**Monóico:** Con flores masculinas e femininas no mesmo pé.

**Naturalizada:** Aplica-se á planta que, non sendo orixinaria dun país, medra e se propaga nel como se o fora.

**Oblongo:** Máis longo que ancho.

**Opostas:** Que se achán dúas en cada nó, unha fronte á outra.

**Ovalado:** En forma de óvalo (referido a dúas dimensións).

**Ovoide:** En forma de ovo (referido a tres dimensións).

**Ovulo:** Gámata feminina incluída no rudimento seminal (ovocélula ou oosfera)

**Postrado:** Caule por débil caído, con só as pontas erguidas.

**Pruinoso:** Que ten pruína, revestimento céreo moi ténue da cutícula de moitas caules, follas, froitos, etc.

**Resinoso:** Que destila resina.

**Rudimento seminal:** Corpúsculo, xeralmente ovoide que, despois de fecundación do óvulo, instalado no seu interior, dá lugar á semente.

**Verticiladas:** Que nacen ao mesmo nivel do caule e son máis de dúas.

## BIBLIOGRAFIA CONSULTADA

**FONT QUER, Pío**  
Diccionario de Botánica  
Ed. Labor S.A. Barcelona.  
1985

**KEBLE MARTIN, W.**  
The new concise British Flora  
Mermaid Books London.  
1986

**LOPEZ LILLO, Antonio**  
Arboles de Madrid  
Comunidad de Madrid.  
1987

**RUIZ DE LA TORRE, Juan**  
Arboles y arbustos de la España  
Peninsular  
E.T.S.I. Montes Madrid.  
1975

**VV.AA.**  
Flora Ibérica Volumen I  
Real Jardín Botánico. C.S.I.C.  
Madrid. 1986



# NIN UN PASO ATRÁS

## COLABORA CON NÓS

Nº Conta Caixa Galicia

064-304-823/2

